

Os Bolechas

PEPE CARREIRO © TM

POLA IGUALDADE UNIDADE DIDÁCTICA





 **bolanda** EDICIONES Y *MARKETING*

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro

Depósito Legal: C 2161-2019

Impreso en Galicia

Edita: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Igualdade

GUÍA DE TRABAJO

Esta Unidade Didáctica está pensada para traballar na aula a coeducación, a educación en IGUALDADE desde as primeiras etapas educativas, como son infantil e primaria, de forma que a IGUALDADE e a prevención da violencia de xénero estean presentes desde os primeiros anos e sexan interiorizadas como parte da aprendizaxe vital do alumnado.

A educación, regrada ou non, debe incluír unha formación integral que permita o pleno desenvolvemento da persoa como individuo e como parte dunha sociedade inclusiva e igualitaria. Para iso é fundamental ter presente desde os primeiros anos a perspectiva de xénero, evitando reproducir clichés, mensaxes ou comportamentos que contribúan a perpetuar estereotipos de xénero e prexuízos sexistas en favor dunha coeducación real e efectiva.

A coeducación ten especial relevancia na escola, principal espazo de aprendizaxe e tamén de socialización onde resulta esencial evitar este-

reotipos sexistas e configurar unha contorna igualitaria como primeiro paso para reverter calquera situación discriminatoria neste ámbito. O principio de **igualdade** ten que integrarse de forma transversal en todos os contidos e accións destinados á poboación infantil.

TODAS AS PERSOAS
SOMOS DIFERENTES,
AÍNDA QUE AS
MULLERES E OS
HOMES TEMOS OS
MESMOS DEREITOS
E DEBERES!



OS CONTIDOS CONCEPTUAIS A TRABALLAR SON:



Adquisición de habilidades sociais e de hábitos de comportamento responsables; valoración das consecuencias das propias accións; aprender a respectar as normas, manter relacións respectuosas e afectivas coa contorna próxima; fomento da **igualdade** de nenas e nenos e sensibilización cara a prevención da violencia de xénero.

AS ACTITUDES E VALORES A TRANSMITIR SON:



Igualdade entre mulleres e homes; respecto por unha/un mesmo, polas demais persoas e pola contorna; importancia da cooperación e a colaboración, solidariedade, escoita activa e aprendizaxe vital, conciencia crítica, consumo responsable e a relevancia da acción individual na sociedade.

OS OBXECTIVOS PRINCIPAIS A LOGRAR SON:



Abordar os estereotipos de xénero e reflexionar sobre as actitudes e ideas que favorecen a discriminación, fomentar a adquisición de hábitos de cooperación entre nenas e nenos e a colaboración en todos os ámbitos (traballo, xogo...), traballar a autoestima e a sensibilización ante situacións de discriminación cotiás, favorecer a **igualdade** e a liberdade de oportunidades entre mulleres e homes, promover a participación das familias na coeducación e a corresponsabilidade, sensibilizar contra as condutas violentas e discriminatorias na aula.

A METODOLOXÍA A APLICAR:




- Escoita activa,
- lectura comprensiva de textos, reflexión individual,
- traballo en grupo, diálogo para favorecer a empatía,
- xogos cooperativos e para a **igualdade**, expresión escrita e oral fundamentada nas propias ideas e expresión artística.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Empregade unha linguaxe inclusiva e non sexista na aula ou na casa. Recordade: na aula hai nenas e nenos.
- Tende en conta os distintos tipos de realidades familiares, diversidade funcional ou necesidades educativas especiais da vosa aula, ó traballar con esta unidade didáctica.

Trátase, en definitiva, de **adquirir conciencia das situacións que provocan desigualdade entre mulleres e homes na vida cotiá e dar ferramentas para evitalas**. Paralelamente, traballaranse conceptos moito máis xerais que, ademais, entran nas competencias e valores que debe de adquirir a cativada nestas idades, como son a responsabilidade, a conciencia cívica, a solidariedade, o respecto ao medio ambiente e a adquisición de hábitos e comportamentos que promovan a conciencia crítica como sinónimo de transformación social.

O RESPECTO, a LIBERDADE e a IGUALDADE son tres dos piares básicos da educación e desde aquí queremos contribuir a fomentar unha visión do mundo e da sociedade inclusivos, libres de prexuízos e estereotipos de xénero e sen violencia de xénero.



UNIDADE DIDÁCTICA

A **proposta de traballo** nas aulas estará dirixida en todo momento polo persoal docente, que deberá adaptar o contido de cada tema á idade e características do grupo. Para iso propónse unha actividade na aula que servirá para que a educadora ou educador poida introducir cada tema adaptando a mensaxe ao seu grupo e facendo unha análise máis ou menos profunda da cuestión a tratar. A


continuación propóñense actividades individuais ou de grupo con varios niveis de dificultade, de forma que cada docente poida adaptar o traballo ás características ou nivel do alumnado.



Ao final deste caderno inclúese un **Dicionario Básico da Igualdade** que axudará a explicar –e entender– conceptos esenciais da temática desta Unidade.

OS BOLECHAS

POLA IGUALDADE

OBJECTIVO: introducir a **igualdade** entre mulleres e homes desde a infancia a través duns personaxes que coñecen ben nenas e nenos e dun recurso esencial para estas idades: a lectura dun conto dos Bolechas que pode ler unha persoa adulta ou a propia nena ou neno.



-  Exercicio individual
-  Exercicio en grupo



Ler na aula o conto *Os Bolechas pola igualdade*. Ao remate abrir un debate sobre a **igualdade** de xénero reflexionando sobre:

Quen adoita
facer as tarefas
domésticas nos
nossos fogares?

Hai profesións só
de homes ou só
de mulleres?

Sentimos
diferente as
nenas e os nenos?




Hai xoguetes ou
xogos de nenas
e de nenos?

Para responder a esta
pregunta, pódense facer
dúas columnas no encerado:
unha para nenas e outra
para nenos e ir escribindo
os xogos e xoguetes que lles
gustan a cada un. Hai moitas
diferencias?



Propor ao alumnado que escriba cales son as profesións das súas nais e dos seus pais.

Facer unha listaxe no encerado das profesións ou oficios nas súas familias (nai, pai, avó, avoa...) e facer fincapé na linguaxe. Mestra, médica, profesor, avogada...





NIVEL DE DIFICULTADE MEDIO



Tras ler o conto ***Os Bolechas pola igualdade*** explicar os seguintes conceptos baseándose na historia. Despois de explicar cada un, reescribe por riba

Violencia de
xénero

Prexuízo

Estereotipo de xénero

Discriminación

Corresponsabilidade

Rol

Igualdade

Conciliación da vida
persoal, familiar e laboral



Rodea en verde o que consideras que está ben na historia e en vermello o que está mal:

Que Braulio xogue con bonecas

Deixar as tarefas do fogar para as mulleres

Resolver os problemas dialogando

Enfadarse e pelexar

Que os homes oculten os sentimentos

Diferenciar cores por sexos

Tes ti algún lugar de pensar?

Que fas cando te enfadas moito por algo?

Por que consideras que está mal?



Entre as condutas que dificultan a convivencia está tamén o acoso. Explicade na aula que é o acoso escolar e poñede exemplos de acoso que virades ou coñezades, para evitar e prever as situacións de violencia.

Por que credes que algunhas persoas acosan a outras?



Que se debe de facer cando se coñece un caso de acoso?



A IGUALDADE DE XÉNERO

OBXECTIVO: trátase de afondar na **igualdade** de xénero mediante exemplos da vida cotiá para desmontar estereotipos e roles asociados ao xénero.



-  Exercício individual
-  Exercício en grupo



A aula, guiada pola profesora ou profesor, debullará o contido de cada viñeta (ver nas páxinas seguintes) e proporá un debate na aula no que participen activamente as nenas e nenos.

**VIÑETAS DAS PROFESIÓNS**

Porán exemplos de nais científicas, pais cociñeiros, profesoras e profesores, peitadores homes e mulleres... para que se vexa que mulleres e homes poden ser o que se propoñan.

**VIÑETAS DOS SENTIMENTOS**

Falarán de cando se enfadan, choran, teñen medo... para demostrar que non hai diferencias por sexos.

**VIÑETAS DAS TAREFAS DA CASA**

Preguntar quen fai a comida, quen varre, quen recolle a mesa... para reflexionar que mulleres e homes teñen que contribuír por igual.


**VIÑETAS DOUTRAS TAREFAS**

Preguntar quen os leva á escola, quen vai á compra, quen lles le contos... para reflexionar que as tarefas teñen que ser compartidas.





NIVEL DE DIFICULDADE BAIXO

AS PROFISÕES



OS SENTIMENTOS





AS TAREFAS DA CASA

OUTRAS TAREFAS


19



20



21



22



23



24



25



26



27







NIVEL DE DIFICULDADE BAIXO



Colorea os Bolechas ajudando nas tarefas da casa.





Cada estudante pedirá na casa axuda para coñecer a que se dedicaban as mulleres da súa familia.

bisavos:
avos:
nai:
tías:

Pódese completar o exercicio con fotos, debuxos ou calquera outra expresión artística que amose a actividade das mulleres da familia.



Expor na aula os resultados do traballo anterior e reflexionar sobre como cambiaron as condicións de vida da muller ao longo das xeracións vinculando aos conceptos: estereotipo de xénero, patriarcado e empoderamento (*ver significado en Anexo: Dicionario básico da igualdade*).

Pódese ampliar a visión dos dereitos e oportunidades a outros ámbitos e mesmo a outros países onde aínda persisten as desigualdades (votar nunhas eleccións, conducir, viaxar...).

Traballar con mulleres doutros países (o alumnado pode traer fotos) e reflexionar sobre o que supón para as mulleres e para toda a sociedade a falta de dereitos e liberdades. Valorar e pensar se todas as mulleres do mundo temos os mesmos dereitos e igualdade de oportunidades.






NIVEL DE DIFICULTADE ALTO



Actualmente hai multitude de contos non sexistas e mesmo versións de historias clásicas adaptadas aos novos códigos. Escribe un relato que evite os estereotipos de xénero e fomente a **igualdade** de oportunidades e despois preséntao na aula.

Na aula o profesorado afondará nos personaxes, actitudes e feitos que fomenten a **igualdade e mesmo se poderá premiar o mellor conto publicándoo na revista escolar ou cun pequeno premio...*



**Consultar a "Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade"*
http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/fichas_lecturas_coeducativas.pdf





Dividir a aula en varios grupos. Cada un deles traballará un aspecto relacionado coa desigualdade de xénero e/ou coa violencia de xénero, que se dá no noso día a día: letras de cancións sexistas, contos, publicidade... Poderá recompilarse a información en diversos soportes: murais, arquivos de audio... e despois porase todo o material en común na aula.



A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO: afondar na idea da **igualdade** de oportunidades a través de exemplos da vida diaria para sermos conscientes da discriminación que afecta aínda ás mulleres en moitos ámbitos: laboral, educativo, social, familiar, cultural, deportivo...



-  Exercício individual
-  Exercício en grupo




NIVEL DE DIFICULTADE BAIXO



Explicar na aula o concepto 'igualdade de oportunidades' (ver Anexo: Dicionario básico da igualdade) e como vai mudando a sociedade para facer efectiva esta **igualdade** (apoiándose nas viñetas da páxina 12: 'As profesións')



Colorea o debuxo dos Bolechas coas cores que máis che gusten.







A profesora ou profesor explicará na aula os conceptos indicados a continuación (ver Anexo: *Diccionario básico da igualdade*). Despois escribe debaixo de cada viñeta o concepto que cres que corresponde:

ROL DE XÉNERO

CONCILIACIÓN / CORRESPONSABILIDADE


IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

ESTEREOTIPO



estereotipo

rol de xénero



conciliación/corresponsabilidade

igualdade de oportunidades



O deporte é un ámbito no que persiste a desigualdade de xénero.

Coa axuda da túa familia busca nas páxinas de deportes dun periódico as noticias ou o espazo adicado ao deporte masculino e ao feminino.

Reflexionade sobre o desequilibrio e desigualdade que nos medios de comunicación dedican a mulleres deportistas e a homes deportistas.



Nos últimos tempos hai moitas mulleres galegas que están a ser referentes en todo o mundo nos seus respectivos deportes, como Vero Boquete ou Ana Peleteiro.

Investiga sobre elas e os seus logros e busca outras deportistas galegas de elite. Escribe os seus nomes e o deporte que practican.



Elaborar na aula unha listaxe cos nomes de deportistas e outra cos equipos preferidos aportados polo alumnado.

Despois, comparade os resultados e reflexionade sobre as seguintes cuestións:

Cantas mulleres hai na listaxe?
 Por que hai tan poucas?
 Por que o deporte se asocia ao mundo masculino?

Cres que cobran o mesmo as mulleres e os homes profesionais do deporte?

Hai algún equipo feminino?

Hai deportes máis 'masculinizados' e deportes máis 'feminizados'?

Pasa o mesmo no voso colexio?



Como podemos cada unha/un de nós cambiar estes estereotipos de xénero?



XOGAMOS IGUAIS

OBJETIVO: sensibilizar sobre o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes e loitar así contra os estereotipos de xénero que aínda persisten, ao tempo que se fomentan relacións de **igualdade** e cooperación e se favorece a imaxinación.



-  Exercício individual
-  Exercício en grupo

DECÁLOGO

1

NON HAI XOGUETES DE NENAS NIN DE NENOS. NENAS E NENOS PODEN XOGAR INDISTINTAMENTE CO XOGUETE QUE LLES GUSTE.

2

NON HAI CORES DE NENAS E CORES DE NENOS. ESCOLLO A COR QUE QUERO SEN ETIQUETAS QUE LIMITEN A CREATIVIDADE.

3

OS XOGUETES NON DEBEN FOMENTAR CONDUTAS OU COMPORTAMENTOS VIOLENTOS E AGRESIVOS. ESCOLLE XOGUETES QUE FAVOREZAN AS RELACIÓNS IGUALITARIAS E COLABORADORAS ENTRE NENAS E NENOS.

4

INTENTA ELIXIR XOGUETES QUE REFLECTAN A DIVERSIDADE DE CADA PERSOA. SOMOS IGUAIS DENDE A DIFERENZA.

5

O XOGUETE DEBE SER DIVERTIDO E SEGURO, FAVORECER A IMAXINACIÓN E A CREATIVIDADE, SER AXEITADO Á IDADE E AOS GUSTOS DAS NENAS E NENOS E LIBRE DE PREXUÍZOS SEXISTAS. OS XOGOS E OS XOGUETES EDUCAN.

6

PROCURA QUE OS XOGUETES E XOGOS FAVOREZAN A IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE SENTIMENTOS E AFECTOS SEN DIFERENZA DE NENAS E NENOS.

7

ELIXE XOGUETES QUE XUNTEN A NENAS E NENOS COOPERANDO E COMPARTINDO ESPAZOS, TANTO PÚBLICOS COMO DOMÉSTICOS. ASÍ APRENDEREMOS A CONSTRUIR UN MUNDO MÁIS LIBRE E IGUALITARIO.

8

PIDE E REGALA XOGUETES QUE ESTIMULEN A CURIOSIDADE E O INTERESE POR INVESTIGAR, QUE AXUDEN A PROMOVER TODAS AS CAPACIDADES E HABILIDADES PERSOAIS DE NENAS E NENOS, POSIBILITANDO TANTO OS XOGOS TRANQUILOS COMO OS QUE FOMENTEN A ACTIVIDADE FÍSICA.

9

ESCOLLE XOGUETES, XOGOS, LIBROS E PELÍCULAS NOS QUE ESTEAN PRESENTEN AS NENAS E OS NENOS, AS MULLERES E OS HOMES, RESPECTANDO AS DIFERENZAS, RECOÑECENDO A DIVERSIDADE E LIBRES DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO.

10

OS ADULTOS DEBERÁN SUPERVISAR E SER PARTÍCPES DOS XOGOS E LECTURAS DAS NENAS E DOS NENOS.

ACTIVIDADES PARA XOGOS

Favorecer que nenas e nenos usen xogos e xoguetes de forma non sexista.



O profesorado dispón en catro grupos de xogos e xoguetes nas catro esquinas da aula e divide a aula en varios grupos mixtos de xogo. Cada grupo de nenas e nenos xogará nas catro esquinas por quendas. O profesorado ten que ter en conta á hora de distribuír os xogos e xoguetes colocar grupos de xoguetes que tra-

ballen tanto a acción como a cooperación e o coidado. Unha vez que todo o alumnado pase polas catro esquinas, realizarase unha asemblea na cal se conversará sobre a experiencia do alumnado tratando de romper os estereotipos sexistas e transmitindo a idea de que nenas e nenos poden xogar ao que queiran.

FICHA DA ACTIVIDADE:

XOGUETES NON SEXISTAS

Posibles cuestións a debater na asemblea co alumnado

- Que grupo de xoguetes vos gustou máis? Cal menos?
- Tocouvos algún grupo de xoguetes co que non xogastes nunca?
- Divertiuvos xogar con este novo grupo de xoguetes?
- Só os nenos poden xogar cos autos?
- Poden as nenas xogar con autos?
- Só as nenas poden xogar con cociñas?
- É divertido xogar con novos xoguetes?
- Podemos nenas e nenos xogar con todos os xoguetes?



FACER UN MURAL

Facer un mural por grupos cos xoguetes que máis lles gustaron ás nenas e ós nenos e colocalos na aula.

NIVEL DE DIFICULTADE BAIXO



A profesora ou profesor lerá e explicará cada un dos puntos do decálogo e o alumnado irá coloreando os números.



Utilizar os xogos e xoguetes dispoñibles na aula para fomentar o xogo igualitario e colaborativo entre o alumnado.

NIVEL DE DIFICULTADE MEDIO



Despois de ler atentamente o decálogo, completa as seguintes oracións:

Non hai xoguetes de nin de

Escolle xoguetes que favorezan as relacións entre nenos e nenas.

O xoguete debe ser divertido e e debe de favorecer a

Escolle xoguetes, xogos, libros e películas libres de de xénero.



NIVEL DE DIFICULTADE MEDIO




A que che gusta xogar?

A que xogamos?

Ao que queiras e con quen queiras.

Signala a que che gusta xogar e a que non, e reflexiona sobre o resultado. Inflúe que sexas nena ou neno para escoller o teu xogo?



	SI	NON
A pelota		
Saltar a corda		
Imaxinar historias de aventuras		
As casiñas		
Videoxogos		
Escondidas		
Bonecas		
Construcións		
Adiviñanzas		
Correr e saltar		



Explicar na aula o concepto de rol de xénero e estereotipo (*ver Anexo: Dicionario básico da igualdade*). Despois utilizar catálogos de xoguetes para investigar, por grupos, se transmiten **igualdade** ou fomentan estereotipos e roles de xénero: cores utilizadas, reparto de tarefas, xogos de coidados e acción, de interior e de exterior...






Pensa nos xoguetes que tes na casa:

Hai algún que fomenta a discriminación e por que?

Agora sinala xogos e xoguetes que fomentan a IGUALDADE e a colaboración



Blank writing area with horizontal dotted lines.




Os videoxogos e os xogos dos novos dispositivos móbiles tamén fomentan condutas sexistas. Co obxectivo de pór o aceno nesta nova realidade, imos estudar os videoxogos que utilizamos acotío, co obxectivo de coñecelos e usalos con conciencia crítica, ao tempo que previmos o uso abusivo.

Para iso pedirémoslle a cada alumna e alumno que elixa o seu videoxogo favorito e conteste as seguintes preguntas.




NIVEL DE DIFICULTADE ALTO

1. Cal é o teu videoxogo favorito e de que trata?
2. Cantas horas pasas á semana xogando?
3. Consideras que é un xogo violento? Por que o pensas?
4. É un videoxogo para nenas ou para nenos? Por que o cres?
5. Cantas nenas/mulleres aparecen no videoxogo?
6. Que fan as mulleres no xogo? Teñen un papel principal ou secundario?
7. Xogas en liña con outras persoas? Son do teu mesmo sexo ou xogades nenas e nenos xuntos?
8. Pensas que pode transmitir algún tipo de desigualdade, estereotipo ou rol de xénero?



Na aula pódense pór en común as respostas de forma que teñamos un mapa de situación dos videoxogos máis utilizados polo alumnado, valores que transmiten e se son transmisores ou non de discriminacións.

ACTIVIDADE PARA A SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Co fin de detectar as ideas preconcebidas do grupo da aula con respecto ao termo "violencia de xénero", as nenas e nenos irán dicindo as palabras que lles veñen á mente cando falamos da violencia cara as mulleres. A profesora ou profesor anotaraas no encerado e leranse en voz alta, tentando sinalar as ideas acertadas e as que non o son.

A profesora ou profesor explicarlle ó alumnado o significado do termo, os tipos de violencia, os logros conseguidos e a importancia das leis.


Pódese completar esta actividade con algunha noticia dun xornal onde queden reflectidas as consecuencias da violencia de xénero.

NON Á VIOLENCIA
DE XÉNERO!



ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

Obxectivo: Potenciar a autonomía persoal das nenas e nenos e a corresponsabilidade.





É importante concienciar da necesidade de que todos os membros da familia se impliquen nas tarefas da casa. Para iso o profesorado abrirá un debate na aula sobre o tema, que pode comezar analizando en grupo as diferenzas entre as dúas ilustracións da páxina seguinte e logo respondendo as seguintes cuestións:

- 1.** Quen dorme na cama e quen a fai?
- 2.** Quen desordena os xoguets e quen os ordena?
- 3.** Quen deixa o lixo no chan e quen o recolle?
- 4.** Na casa, axudades todas e todos ou hai quen non fai nada?
Credes que iso está ben?



- 5.** Na casa, hai cousas que adoitan facer só as mulleres e cousas que só fan os homes? Por que?
- 6.** Credes que habendo outras persoas na casa está ben que unhas fagan cousas e o resto non? Por que?
- 7.** En que axudades ou credes que poderíades axudar máis na vosa casa?





O OBJECTIVO DESTAS ACTIVIDADES

é que as nenas e nenos se responsabilicen de realizar as súas primeiras tarefas na casa e fomentar a corresponsabilidade.



1. Para facelo con maior motivación cada estudante podería comprometerse a realizar unha tarefa.



2. Á semana seguinte poderíase comentar en grupo que fixo cadaquén e como se sentiu axudando no fogar.

DICIONARIO BÁSICO DA IGUALDADE



ACOSO ESCOLAR:

Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

ANDROCENTRISMO:

Define a visión do mundo que sitúa o home como centro de todas as cousas. Esta concepción da realidade parte da idea de que a mirada masculina é a única posible e universal, polo que se xeneraliza a toda a humanidade, sexan homes ou mulleres. Isto leva consigo a invisibilización das mulleres e do seu mundo, a negación dunha mirada feminina e a ocultación das achegas realizadas polas mulleres.

COEDUCACIÓN:

É o método de intervención educativa que vai máis aló da educación mixta e cuxas bases se asentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. Coeducar significa, por conseguinte, educar dende a **igualdade** de valores das persoas e para a **igualdade**.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL:

Reparto equilibrado das responsabilidades familiares e tarefas que permita a cada persoa harmonizar os tempos persoais, profesionais e familiares. Implica un cambio de mentalidade respecto á asignación sexista de roles e identidades atribuídos de forma diferencial a homes e mulleres, así como a creación dunha estrutura e organización da contorna laboral que facilite, a mulleres e homes, a combinación do traballo e das responsabilidades familiares e do fogar.

CORRESPONSABILIDADE:

Fai referencia á responsabilidade compartida dunha situación ou actuación determinada entre dúas ou máis persoas. As persoas corresponsables posúen os mesmos deberes e dereitos na súa capacidade de responder polas súas actuacións nas situacións ao seu cargo. Consiste na distribución equitativa e democrática das responsabilidades e actividades domésticas, que se traducirá nun reparto equitativo entre os dous sexos dos tempos de produción, coidado das persoas, tarefas domésticas e tempo de descanso.

DISCRIMINACIÓN:

Trato desigual. A discriminación de xénero implica un trato desigual cara á muller, que ten menos dereitos, responsabilidades e oportunidades cós homes.

EMPODERAMENTO:

Termo acuñado na Conferencia Mundial das Mulleres en Beijing (Pequín) para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión ten tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder que, individual e colectivamente, ostentan as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas.

ESTEREOTIPO:

Idea, prexuízo ou expresión preconcebida e existente no imaxinario colectivo.

Estereotipos de xénero son as crenzas xeneralizadas do que a sociedade considera que é o axeitado que fagan ou pensen as mulleres ou os homes. Os estereotipos impulsan as persoas a desempeñar unha serie de tarefas e funcións, así como a ter comportamentos considerados propios de homes ou de mulleres polo mero feito de pertencer a un ou outro sexo. Os estereotipos son un importante condicionante no desenvolvemento das persoas nos diferentes ámbitos da vida.

FEMINISMO:

O movemento social e político que loita pola equiparación de dereitos entre mulleres e homes. Non significa que as mulleres e os homes teñan que ser idénticos ou que actúen e se comporten do mesmo xeito, pero si que deben ter os mesmos dereitos e oportunidades, sen que se lles limiten polo feito de ser dun sexo ou doutro, no intento de construír un mundo máis xusto e equitativo.

IGUALDADE DE XÉNERO:

Segundo a Unesco, é a **igualdade** de dereitos, responsabilidades e oportunidades de mulleres e homes, e de nenas e nenos. Implica o recoñecemento e igual valoración social de homes e mulleres, así como das tarefas e funcións que rea-

lizan. Este concepto supón a ausencia de calquera tipo de xerarquía dun sexo sobre outro, así como a plena participación de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:

É unha forma de xustiza social, na que todas as persoas (mulleres e homes) teñen as mesmas posibilidades de acceso, uso, control e beneficio dos servizos e recursos, así como de participación e toma de decisións en todos os ámbitos da sociedade: social, político, económico, cultural, familiar etc.

LINGUAXE INCLUSIVA:

É aquela que visibiliza a mulleres e homes. Permite ter referentes femininos e masculinos, permite ver que hai mulleres e homes detrás da realidade que se describe, e á súa vez non vulnera ningunha das actuais regras gramaticais.

LINGUAXE SEXISTA:

Refírese ao uso exclusivo do xénero masculino para referirse a ambos, o que fomenta a discriminación das mulleres xa que as invisibiliza. Fai referencia a aquelas prácticas de discriminación da muller a través dunha utilización do idioma non igualitaria para ámbolos sexos.

MACHISMO:

Conxunto de actitudes e comportamentos que atribúen superioridade ao home e que rebaixan a dignidade das mulleres por razón de sexo e sen ningunha outra xustificación.

PATRIARCADO:

É un sistema de organización social rexido por unhas relacións xerárquicas onde os homes teñen unha posición de superioridade con respecto das mulleres en relación ao acceso e ao uso dos recursos existentes. O patriarcado é unha característica común en todas as sociedades

que implica situacións de dominación e incluso de explotación, ao tempo que supón un reparto desigual nos eidos político, económico, cultural, social, relixioso e militar, onde os cargos relevantes están na súa maioría en mans dos homes.

PREXUÍZO:

Opinión ou idea baseada en estereotipos e crenzas e non na realidade.

ROL:

É o papel que desenvolven as persoas nun contexto concreto.

ROLES DE XÉNERO:

Son as tarefas e papeis sociais que se atribúen a priori a mulleres e homes sen ter en conta as súas capacidades ou intereses individuais.

Identifícanse dous roles de xénero:

- Rol tradicional das mulleres ou chamado rol reprodutivo (privado): está asociado ás tarefas de coidado de bebés, da familia, de persoas anciás e dependentes, axudar cos deberes da escola, acompañar ao médico, facer as tarefas do fogar, limpar, cociñar, ir ao mercado... Este rol/papel social non ten toda a valoración que debería ter e tampouco está remunerado.
- Rol tradicional dos homes ou chamado rol produtivo (público): está asociado ao emprego, ao control económico, ao poder, á participación na política etc. e está remunerado.

SEXISMO:

Ideoloxía que defende que os homes son superiores ás mulleres e por iso teñen uns dereitos, prerrogativas e privilexios maiores cós das mulleres. O sexismo determina a discriminación en todas as áreas da vida e actúa como un factor que limita o desenvolvemento educativo, profesional e psicolóxico da persoa.

VIOLENCIA DE XÉNERO:

Acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo.

Constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

XÉNERO:


É o conxunto de comportamentos, gustos e características, que cada cultura, sociedade, lugar ou país considera axeitadas para cada un dos sexos: para nenas e mulleres por unha banda, e para nenos e homes por outra banda.

SEXO:

É o conxunto de características biolóxicas que divide a especie humana en femias e machos en función principalmente dos xenitais e órganos reprodutivos.

**NON TE ESQUEZAS DESTAS
DÚAS DATAS IMPORTANTES!**

- o 8 DE MARZO CONMEMÓRASE
o DÍA INTERNACIONAL DA
MULLER E o 25 DE NOVEMBRO
o DÍA INTERNACIONAL DA
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA A MULLER**



os bolechas

PEPE CARREIRO

POLA IGUALDADE
UNIDADE DIDÁCTICA



www.osbolechas.gal



YouTube